

Ficha da actividade

Tipo de actividade: Curso teórico-práctico

Dirixido a: Calquera persoa interesada en contribuír de forma activa a promover proxectos e impulsar iniciativas para xerar cambios sociais, culturais e educativos.

Fecha: Sábado, 27 de agosto de 2011

Lugar: **Museo Provincial do Mar**
Avenida da Mariña s/n,
27890 San Cibrao, Cervo (Lugo)
Tfno.: 982 594 572

Horario: Mañá: 11:00 - 14:00 h
Tarde: 17:00 - 19:00 h

Aforamento: Limitado a 40 persoas, por orden de inscrición

Inscrición: Gratuíta ata completar aforamento logo de inscrición en: <https://spreadsheets.google.com/spreadsheet/viewform?formkey=dGlx3Z3XcThELVFVYThyUDBFaWtndkE6MQ>

Prazo de inscrición: 8 - 20 agosto (incluídos)

Os solicitantes deberán achegar ao seu formulario de inscrición:



Breve CV (máximo unha páxina) Presentarase con carácter meramente orientativo para poder coñecer aos participantes antes do comezo da xornada. En ningún momento se seleccionará os participantes en función do seu CV.

Carta de motivación (máximo unha páxina) na que se expliquen tanto as razóns polas cales se desexa participar no curso, coma un listado de inquietudes e/ou proxectos aos que o candidato/a desexaría aplicar os coñecementos e a experiencia que adquirirá.

Ambos textos teñen carácter obrigatorio e non se admitirá ningunha solicitude que non reúna os requisitos.

Cancelacións: Debido a que o curso conta cun número limitado de prazas, pregamos aos inscritos confirmados que se por algún imprevisto finalmente non puidesen asistir llo comuniquen á organización o antes posible, co fin de asignar a praza a outra persoa interesada.

Información: **Encarna Lago**
Xerente da Rede Provincial de Museos de Lugo
Deputación de Lugo
Correo electrónico: xerencia@museolugo.org
Teléfono: 982 165534



I Xornadas: Museos, as redes sociais como xeneradoras de cambios

Bloque III: Xornada Teórico Práctica intensiva:

Organiza: Rede Museística Provincial de Lugo

Área de Cultura

Deputación de Lugo

Educación, cultura e acción social nos *Social Media*

Web 2.0 para ámbitos da natureza cualitativa con impacto a medio y longo plazo

Pilar Gonzalo

Traballa na Área web do Museo Reina Sofía e é redactora da sección ".org" da revista Compromiso Empresarial

A superación da denominada "Brecha dixital" en certas xeracións e países contribuíu de xeito diferencial ao actual *empoderamento* cidadá na internet. A iso únese a crecente implantación de ferramentas 2.0 e a masiva participación cidadana nas plataformas sociais. Non obstante, non hai que esquecer que malia a forma na que se impulsaron as recentes revoltas do mundo árabe ou o movemento cidadá 15M xurdido no noso país, os movementos sociais non xorden da redes, senón que proveñen dunha tradición anterior allea a internet e consolidada nas sociedades democráticas: o activismo cidadán e a acción social das organizacións non gobernamentais.

Esta forza social tradicionalmente impulsada por persoas e organizacións alleas aos grupos de poder político e económico, foi rapidamente percibida polas empresas e posteriormente polos poderes políticos, que deseguida deseñaron estratexias de mobilización das persoas acordes cos seus intereses. Exemplos como a campaña de Barack Obama en 2008, a masiva actividade das empresas nas redes sociais, ou o último crecemento exponencial das plataformas de crowdfunding; puxeron de manifesto que as regras do impacto e a mobilización social cambiaron.

Non obstante, a cultura e a educación non poden ser xestionadas sobre a base dos mesmos parámetros que os das empresas e os poderes políticos, aplicando as súas mesmas estratexias, indicadores e formas de valoración que ultimamente se instalaron como referencia de "o que hai" que "facer". Así pois, hai que promover sistemas de comunicación, mercadotecnia, medición e avaliación nos ámbitos 2.0 apropiadas á natureza das actividades culturais, sociais e educativas distintas, ao que actualmente circula como tendencia dominante de boas prácticas sobre nas redes sociais e a web 2.0.

Con este obxectivo, Pilar Gonzalo conducirá un curso teórico-práctico no que os asistentes poderán aprender e reflexionar de forma colaboradora sobre como as ferramentas e ámbitos 2.0 poden impulsar proxectos culturais, sociais e educativos de forma eficiente e apropiada á súa natureza.

Metodoloxía:

A xornada fórmulase coa vontade de ser útil de forma moi práctica aos asistentes para que non se limiten a ser meros receptores de teorías xerais sobre o que outros fan. Así pois, requírese que os participantes sexan contribuíntes activos, compartindo experiencias e achegando solucións ao conxunto de inquietudes do grupo.

O curso traballará con técnicas participativas os conceptos que se explicarán ao inicio de cada sesión, aplicándoos sobre os propios proxectos e inquietudes formulados polos asistentes nas súas "Cartas de motivación". Para iso é fundamental que o grupo de participantes coñeza este conxunto de puntos de vista dos demais previamente á asistencia ao curso. Con este propósito, as "Cartas de motivación" de cada participante inscrito daranse a coñecer entre os seleccionados anteriormente ás xornadas presenciais; para que poidan lelas, reflexionar sobre elas e coñecer o resto de persoas do grupo coas que colaborarán na xornada presencial. Así cada persoa poderá contribuír mellor o conxunto e entre todos se poderá afondar máis á présa nos detalles que marcan as diferenzas de valor.

Programa:	<u>Mañá</u> (11:00 – 11:30 h)	Especificidades da produción humanística fronte á actividade empresarial.
	(11:30 – 12:45 h)	Tendencias 2.0 na cultura, a educación e os proxectos sociais: principais usos e boas prácticas.
	Descanso (13:00 - 14:00 h)	Plan de Social Media: Deseño estratéxico, planificación, produción, promoción, mantemento e avaliación.
	<u>Tarde</u> (17:00 - 18:00 h)	Captación de fondos 2.0: <i>crowdfunding</i> e iniciativas web específicas para proxectos sociais e culturais.
	(18:00 - 19:00 h)	Valoración, medición e avaliación.

Recursos online:

Museo Provincial do Lugo: http://www.museolugo.org/mp_presentacion.asp?mat=4

Blog Museo do Mar: <http://museodomar.blogspot.com/>

Referencias: <http://www.delicious.com/pilar.gonzalo/xornada-redes>

Sobre a autora: <http://flavors.me/pilargonzalo>